



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

A LECCIÓN DE CANTO

Katherine Mansfield

Tradución ó galego: María Ana Valladares Fernández

Título orixinal: The Singing Lesson



© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007
© da tradución, María Ana Valladares Fernández, 2007

Con desacougo, un frío e punzante desacougo, cravado no fondo do seu corazón como unha navalla rancorosa, a señorita Meadows, con toga e bonete e levando unha pequena batuta, abríase camiño polos fríos corredores que conducían á sala de música. Nenas de todas as idades, arroibadas co frío, e desbordadas coa alegre excitación que provoca ir correndo á escola unha boa mañá de outono, corrían, rebuldaban, revoaban; dende o fondo das aulas chegaba un rápido resoar de voces; soou unha campá, unha voz como a dun paxaro berrou: “Muriel”. E logo un tremendo golpe e un pum, pum procedeu das escaleiras. A alguén se lle caeran as pesas.

A profesora de ciencias detívose ante a señorita Meadows.

—Bos días! —exclamou con afectación e co seu falar lento e acaramelado—. Que frío!, non? Nin que estivésemos en inverno.

Pero a señorita Meadows, agarrando a navalla, fitou con odio á profesora de ciencias. Nela todo era azucrado e pálido como o mel. Non sería ningunha sorpresa ver unha abella atrapada nas marañas daquel pelo louro.

—Corta a respiración —dixo a señorita Meadows, impasiblemente.

A outra emitiu un dos seus sorrisos melifluos.

—Parece conxelada, dixo. Os seus ollos azuis abríronse totalmente; había neles un reflexo burlón. (Decatarase de algo?)

—Oh, non é para tanto —respondeu a señorita Meadows, e, a cambio do seu sorriso, fíxolle á profesora de ciencias un rápido aceno, e seguiu a andar...

As clases de cuarto, quinto e sexto estaban reunidas na sala de música. A algarabía era enxordecadora. Na tarima, xunto ao piano, estaba Mary Beazley, a favorita da señorita Meadows, que facía os acompañamentos. Estaba a xirar o atril das partituras. Cando viu a señorita Meadows emitiu un forte “Sssshhhh! Rapazas!” de advertencia, mentres a señorita Meadows, coas mans introducidas nas mangas, a batuta baixo o brazo, baixaba a grandes zancadas polo corredor central, subía as escaleiras, volvíase de súpeto, collía o atril de latón, fixábao fronte a ela, e daba dous golpes secos coa batuta pedindo silencio.

—Silencio por favor! Silencio dunha vez! —e, sen mirar a ninguén, a súa vista estendeuse por aquel mar de blusas de cores e de flanela, de encarnadas e axitadas caras e mans, de lazos no pelo que se estremecían como bolboretas, e libros de música abertos. Sabía de sobras o que estaban a pensar. “Meady está de malas”. Moi ben!, que pensasen o que quixesen! Pestanexou; ergueu a cabeza con azos, desafiándoas. Que lle podían importar os pensamentos daquelas criaturas a alguén que estaba alí morrendo desangrada, coa alma esgazada por aquela carta...?

“...Cada vez sinto con máis intensidade que o noso matrimonio sería un erro. Non é que non te ame. Ámote tanto como podería amar unha muller pero, a dicir verdade, cheguei á conclusión de que non estou feito para o matrimonio, e a idea de crear un fogar só me enche de” – e a palabra “noxo” estaba lixeiramente riscada e por enriba dela estaba escrito “pesar”.

Basil! A señorita Meadows achegouse con paso airado ao piano. E Mary Beazley, que estivera a esperar por aquel momento, fixo unha inclinación; os seus rizos caéronlle sobre as meixelas mentres murmuraba:

—Bos días señorita Meadows. —E, non lle daba, senón máis ben lle ofrecía á súa señorita un fermoso crisantemo amarelo. Este pequeno ritual da flor levárase a cabo dende había moitísimo tempo, polo menos un trimestre e medio. Constituía unha parte da lección de igual calado que abrir o piano. Pero esta mañá, en lugar de collelo, en lugar de poñelo no cinto mentres se inclinaba sobre Mary e dicía: “Grazas, Mary. Que bonito! Vai a páxina trinta e dúas”, cal non foi o horror de Mary cando a señorita Meadows ignorou por completo o crisantemo, non lle devolveu o seu saúdo, senón que dixo con voz xélida:

—Páxina catorce, por favor, e marcade os acentos.

Que momento máis abraiante! Mary arroibou ata que as bágoas lle asomaron aos ollos, pero a señorita Meadows volvera xunto ao atril, e a súa voz resoou na sala:

—Páxina catorce. Comezaremos na páxina catorce. “Un lamento”. A estas alturas xa deberíades sabelo. Imos cantalo todo seguido; non por partes, senón todo seguido. E sen expresión. Cantade sen complicacións marcando o compás coa man esquerda.

Ergueu a batuta e deu dous golpes no atril. E Mary abriu os acordes iniciais; e todas as mans esquerdas comezaron a bater o aire, e aquelas voces novas e melancólicas cantaron ao unísono:

*Axiña! Ai que axiña murchan as Ro-o-sas do pracer;
O outono cede axiña ante a tristura do inverno.
Lixeiro! Ai que lixeiro o alegre compás musical
se afasta do oído atento.*

Polo amor de Deus! Podía haber algo máis trágico que aquel lamento? Cada nota era un suspiro, un salouco, un xemido dunha tremenda melancolía. A señorita Meadows ergueu os brazos dentro da ampla toga e empezou a dirixir con ambas as dúas mans. “Cada vez sinto con máis forza que o noso matrimonio sería un erro...”, marcou coa batuta. E as voces cantaron: *Lixeiro! Ai que lixeiro...* Como puido escribir aquela carta? Que puido conducilo a iso? Non tiña sentido. A súa última carta se dedicara por completo a unha librería de carballo afumado que comprara para os “nosos” libros, e un “gracioso percheiriño con repisa” que vira, “un elegante apaño cun bufo tallado na repisa, sostendo coas unllas tres cepillos para os sombreiros”. Como lle fixera rir aquilo! Era tan típico dun home pensar que se necesitaban tres cepillos para os sombreiros! *Do oído atento...*, cantaban as voces.

—Unha vez máis —dixo a señorita Meadows—. Pero desta vez por partes. Aínda sen expresión.

Lixeiro! Ai que lixeiro... Ao engadírselle a melancolía dos contraltos, era imposible evitar estarrecer. *Murchan as rosas do pracer*. A última vez que Basil fora vela levaba unha rosa na botoeira. Que aposto estaba con aquel traxe azul resplandecente e con aquela rosa vermella! El tamén o sabía. Non podía evitar sabelo. Primeiro alisara o pelo, logo o bigote; os seus dentes resplandecían cando sorría.

—A muller do director do colexio segue convidándome a cear. É unha verdadeira lata. Nunca teño unha tarde para min nese lugar.

—Pero non o podes rexeitar?

—E que non vén ao caso que un home da miña posición sexa pouco popular.

O alegre compás musical, xemían as voces. Por detrás das altas e estreitas ventás, os salgueiros eran sacudidos polo vento. Xa perderan a metade das follas. As pequechiñas aferrábanse, retorcéndose como peixes atrapados na sedela. “...Non estou feito para o matrimonio...”. As voces quedaron en silencio; o piano agardaba.

—Bastante ben —dixo a señorita Meadows, pero aínda nun ton tan estraño e pétreo que as nenas máis novas empezaron a sentirse realmente asustadas—. Pero agora que xa a sabemos, temos que cantala con énfase. A máxima expresividade que sexan capaces de darlle. Pensen na letra, nenas. Usen a súa imaxinación. *Lixeiro! Ai que lixeiro...* —cantou en ton melancólico a señorita Meadows—. Debe producirse un *forte* alto e enérxico, un laio. E despois na segunda liña, *a tristura do inverno*, fagan que *tristura* soe coma se un frío vento a estivese atravesando. *Tris-tu-ra!* —dixo dun xeito tan imponente que Mary Beazley que estaba no atril, sentiu estarrecer a súa columna vertebral—. E a terceira liña debe ser un crescendo. *Lixeiro! Ai que lixeiro o alegre compás musical e romper coa primeira palabra da última liña, se afasta*. E despois xa teñen que empezar a apagarse a morrer.. ata que *oído atento* non sexa máis que un feble murmurio ... Na última liña poden baixar o ritmo. Agora, por favor.

De novo os dous leves golpiños e ergue outra vez os brazos. *Lixeiro! Ai que lixeiro...*

“...e a idea de crear un fogar só me enche de noxo.” Noxo era o que escribira. Aquilo significaba que o seu compromiso quedaba definitivamente roto. Roto! O seu compromiso! A xente xa quedara sorprendida abondo cando ela se comprometera. A profesora de ciencias ao principio non o cría. Pero ninguén quedara tan sorprendido coma ela. Tiña trinta anos e Basil vinte e cinco. Fora un milagre, un puro milagre, oírle dicir, mentres camiñaban da igrexa á casa aquela noite tan escura: “Sabes?, non sei por que pero collinche apego”. E colléralle unha punta da boa de plumas de avestruz. *Se afasta do oído atento*.

—Repetide, repetide! —dixo a señorita Meadows—. Con máis expresividade nenas! Unha vez máis!

—*Lixeiro! Ai que lixeiro...* —As rapazas maiores estaban coloradas; algunhas das máis novas empezaron a saloucar. Grandes gotas de chuvia caeron contra os cristais, e podíanse escoitar os salgueiros a murmurar, “...Non é que non te ame...”.

“Pero, querido, se me amas, pensou a señorita Meadows, non me importa canto, ámame o que queiras”. Pero ela sabía que el non a amaba. Ata o punto de non preocuparse por tachar ben a palabra “noxo” para que ela non puidese lela! *O outono cede lixeiro ante a tristura do inverno*. E tería que deixar a escola. Non podería volver a mirarlle á cara á profesora de ciencias nn ás rapazas unha vez que se soubese. Tería que

irse a algures e desaparecer. *Se afasta...* As voces empezaron a morrer, a murchar, a murmurar, a esvaecer...

De súpeto abriuse a porta. Unha nena pequena, vestida de azul, avanzou con aire nervioso polo corredor, movendo a cabeza, mordendo os beizos, e retorcendo á pulseira de prata que levaba no seu pulsiño colorado. Subiu os chanzos e detívose perante a señorita Meadows.

—Que pasa, Mónica?

—Señorita Meadows —dixo a nena sen folgos—, a señorita Wyatt quere vela na sala de profesoras.

—Moi ben —dixo a señorita Meadows. E chamou a atención das rapazas—: confío na súa palabra de que falarán baixiño mentres saio un momento. —Pero estaban demasiado amansadas para facer nada máis. A maioría delas estaba a soar os narices.

Os corredores estaban silenciosos e fríos; os pasos da señorita Meadows resoaban neles. A directora estaba sentada na súa mesa. Tardou un anaco en mirala. Estaba como decote desenredando os lentes que se lle enguedellaran no lazo.

—Sente, señorita Meadows —dixo moi amablemente. Despois colleu un sobre rosa que se atopaba sobre o secasinaturas—. Mandeina vir xusto agora porque acaba de chegar este telegrama para vostede.

—Un telegrama para min, señorita Wyatt?

Basil! Suicidárase!, decidiu a señorita Meadows. Alongou a man pero a señorita Wyatt mantivo o telegrama un anaco.

—Espero que non sexan malas novas —dixo, con excesiva amabilidade. E a señorita Meadows abriuno apresuradamente.

“Non fagas caso carta debín estar tolo hoxe comprei repisa sombreireiro Basil”, leu. Non podía afastar os ollos do telegrama.

—Espero que non sexa nada grave —dixo a señorita Wyatt inclinándose cara a adiante.

—Oh non, grazas, señorita Wyatt —dixo a señorita Meadows arroibando—. Non é nada grave en absoluto. É... —dixo cunha risiña de desculpa—, é do meu prometido dicindo que... —houbo unha pausa.

—Xa entendo —dixo a señorita Wyatt. Outra pausa. Despois dixo:

—Aínda lle quedan quince minutos de clase, señorita Meadows, non é así?

—Si señorita Wyatt —ergueuse e estaba a piques de saír correndo cara á porta.

—Ah, un minuto, señorita Meadows —dixo a directora—. Debo dicirle que non podo consentir que se lles envíen telegramas aos meus profesores en horas de clase, a menos que sexa por circunstancias moi malas, tales como a morte —explicou a señorita Wyatt—, un accidente moi grave, ou algo desta índole. Señorita Meadows, xa sabe que as boas novas sempre poden esperar.

Flotando de esperanza, amor e alegría, a señorita Meadows correu de volta á sala de música, foi o polo corredor, subiu as escaleiras e achegouse ao piano.

—Páxina trinta e dúas Mary —dixo—, páxina trinta e dúas. —E collendo o crisantemo amarelo sostívoo entre os beizos para agochar o seu sorriso. Logo volveuse ás rapazas e deu uns golpiños coa batuta:

—Páxina trinta e dúas, nenas. Páxina trinta e dúas.

*Vimos aquí ho-xe con flores coroadas,
con canastras de froitas e de fitas adornadas,
pa-ra felicitar...*

—Paren! Paren! —exclamou a señorita Meadows—. Isto é terrible. É arrepiante. —E botoulles un sorriso ás rapazas—. Que diaños lles pasa hoxe? Pensen, rapazas, pensen no que están a cantar. Empreguen a súa imaxinación. *Con flores coroadas, Canastras de froitas e de fitas adornadas. E para felicitar* —concluíu a señorita Meadows.

—Non poñan esa cara lúgubre, rapazas. Ten que soar cálida, alegre, animada. *Para felicitar*. Unha vez máis. Axiña. Todas xuntas. Agora!

E esta vez a voz da señorita Meadows soaba por enriba de todas as demais, plena, profunda e cunha expresividade intensa.